



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 399

VII lexislatura

9 de agosto de 2007

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

8.3. Actividades

8.3.1. Contratación administrativa

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto de 2007, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do procedemento aberto de contratación administrativa por concurso dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia 61898

8.1. Organización e normas de funcionamento dos servizos

8.3. Actividades

8.3.1. Contratación administrativa

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto de 2007, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do procedemento aberto de contratación administrativa por concurso dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de agosto de 2007, iniciouse o procedemento aberto de contratación administrativa por concurso dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia.

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aproba os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o procedemento e que se insiren a seguir.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2007

Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante concurso, dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia

Primeira.- Obxecto do contrato.

É obxecto deste contrato a prestación dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo da cidade de Santiago de Compostela, coas características que se especifican no prego de prescricións técnicas, que se incorpora a este como parte integrante.

Segunda.- Orzamento de licitación.

O orzamento de licitación total que se establece para este contrato do Parlamento, incluído o IVE, é de 601.065,99 euros anuais.

Este prezo máximo detállase en:

Lote 1: Servizo corporativo de comunicacións de voz e datos do Parlamento de Galicia: 493.126,53 euros anuais

Lote 2: Servizo corporativo de telefonía móbil do Parlamento de Galicia: 107.939,46 euros anuais

Terceira.- Existencia de crédito e forma de pagamento.

O pagamento efectuarano os Servizos Económicos do Parlamento, por mensualidades vencidas, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.222.00 do ano 2007.

Cuarta.- Forma e procedemento de adxudicación do contrato.

Adxudicarase este contrato por concurso público e procedemento aberto, de conformidade co disposto nos artigos 196.3.c) e 208 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante TRLCAP).

Quinta.- Capacidade para contratar.

Poderán presentarse a este concurso e formular as conseguintes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 20 do TRLCAP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, requisito que se substituirá pola correspondente clasificación do contratista.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 23 do referido texto lexislativo.

Sexta.- Clasificación da empresa contratista.

1.- As empresas que poden participar neste concurso serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha debida execución das prestacións esixidas.

2.- Para garantir a adecuación entre a actividade da empresa e o obxecto do contrato, a clasificación esixida para o lote 1 ao contratista será:

Grupo V). Servizos de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Subgrupo 3. Servizos de mantemento e reparación de equipos e instalacións informáticos e de telecomunicacións.

Subgrupo 4. Servizos de telecomunicacións

Categoría C.

Sétima.- Duración.

A duración do contrato será de catro anos, que se contarán desde a data da súa formalización.

A vixencia deste contrato, por mutuo acordo das partes, poderase prorrogar por dous anos máis, antes do seu remate.

O prezo de adxudicación non sufrirá ningunha modificación durante a vixencia do contrato.

Oitava.- Garantía provisional.

Os interesados en participar no concurso deberán constituír previamente unha garantía provisional, a nome do Parlamento de Galicia, por un importe do 2 % do orzamento de licitación. A garantía depositarase ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia.

A garantía provisional poderá instrumentarse de calquera das formas previstas no artigo 35.1 do TRLCAP.

Novena.- Presentación de proposicións

1. Poderán contratar coa Administración parlamentaria as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan a capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, tal como se establece nos artigos 15 a 10 do TRLCAP.

2. Ademais do establecido na alínea anterior, as empresas que poden participar neste concurso serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións esixidas.

3. Dada a contía do contrato, non se esixe clasificación do contratista.

Décima.- Proposicións e documentación.

1. A presentación da proposición supón, por parte do licitador, a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das características esixidas para contratar coa administración. No caso contrario, haberá que aterse aos efectos previstos no artigo 22 do TRLCAP.

Dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación, os licitadores deberán presentar as proposicións, en tres sobres pechados, co nome e coa sinatura do licitador na súa parte externa, nos que se incluírá a documentación que a seguir se especifica.

2. Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou mediante copia debidamente autenticada.

A) Sobre A: "Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira dos licitadores".

No anverso do sobre levará escrito: "Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira para a contratación dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia."

Así mesmo figurará, se é o caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

Dentro do sobre incluírase, pola orde que se detalla e acompañada dun índice, a seguinte documentación:

1. O documento ou os documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación, se a empresa fose persoa xurídica, da escritura de constitución ou modificación inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

Se se trata de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa inscrición nos rexistros ou a presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar coa certificación expedida pola respectiva representación diplomática española, segundo o artigo 10 do Real decreto 1098/2001.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

2. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar poder de representación, inscrito no rexistro mercantil, se é o caso, e bastantado por un letrado ou letrada dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do NIF de quen asine a proposición.

3. A capacidade para contratar coa administración en relación co artigo 15 do TRLCAP deberá probarse mediante algún dos medios descritos no citado artigo, en particular mediante declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa administración do artigo 20 do TRLCAP.

4. O licitador deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes mediante a presentación de certificados ou recibos correspondentes nos termos que determinan os artigos 13 a 15 do Real decreto 1098/2001.

5. Certificación de non ter contraídas débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma.

6. Xustificante de ter constituída a garantía provisional.

7. As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española para todas as incidencias que poidan xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador.

8. No caso de que o licitador sexa unha unión de empresas, haberá que atermos ao disposto no artigo 24 do TRLCAP.

Así mesmo, deberase presentar un documento suscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituísen.

A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 1, 2, 3, 4, 5 e 8 (agás documento de compromiso), sen prexuízo da obriga do contratista que resulte adxudicatario de acreditar, mediante a presentación dos certificados correspondentes, o cumprimento das obrigas e circunstancias expresadas nas declaracións inscritas.

As solicitudes de expedición dos certificados acreditativos do cumprimento das obrigas sinaladas nas alíneas 4 e 5 producirán iguais efectos ca os certificados mesmos, no suposto de que a autoridade competente non expedise a certificación solicitada no prazo de vinte días naturais ou se, unha vez publicado o anuncio de licitación, o citado prazo superase o requirido ás empresas licitadoras para a presentación de proposicións. Todo isto sen prexuízo da obriga de presentar os correspondentes certificados polas empresas adxudicatarias.

9. Solvencia económica e financeira do empresario. Esta acreditarase por algunhas das formas reguladas no artigo 16 do TRLCAP.

B) Sobre B: "Documentación técnica".

No anverso do sobre levará escrito: "Xustificación da solvencia técnica do empresario e referencias técnicas para a contratación dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia."

Dentro do sobre figurarán algúns do seguintes documentos:

a) Solvencia técnica do empresario:

a') Relación dos contratos de servizo prestados nos tres últimos anos, con indicación do importe, das datas e mais dos destinatarios.

b') Descrición de medios técnicos da empresa e indicación das unidades técnicas implicadas no contrato.

c') Unha declaración do material, das instalacións e do equipo técnico do que dispoña o empresario para a realización do contrato.

b) Referencias técnicas:

a') Oferta técnica que presenta o licitador, que deberá incluír os requirimentos específicos mínimos sinalados no prego de prescricións técnicas.

b') Canta información ou documentación complementaria considere preciso adicionar para os efectos de acreditar a capacidade técnica do licitador e a calidade dos produtos ofertados.

C) Sobre C: "Proposición económica".

No anverso do sobre levará escrito: "Proposición económica para a contratación dos servizos de telefonía vogal e móbil e comunicación de datos no Parlamento de Galicia."

Dentro do sobre figurará a oferta económica axustada ao modelo do anexo I deste prego. Só se admitirá unha oferta por empresa.

Décimo primeira.- Lugar e prazo de presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n.º, 15702 Santiago de Compostela, en horario de 9.30 a 14.00 h e de 16.30 a 18.30 h, dentro dos prazos sinalados no anuncio de licitación que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo nos termos establecidos no artigo 80.4 do Real decreto 1098/2001.

Décimo segunda.- Composición da mesa de contratación, actuacións, criterios de valoración e adxudicación.

1. Composición da mesa de contratación.

A mesa de contratación está constituída na forma sinalada no artigo 81 da TRLCAP e no artigo 79 do Real decreto 1098/2001, cos seguintes membros:

Presidenta:

- D.^a Tereixa Paz Franco. Vicepresidenta 1.^a da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

- D. Pablo Xabier López Vidal. Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

- D. José Manuel Baltar Blanco. Vicesecretario da Mesa do Parlamento de Galicia.

- D. José María Ameijenda Cuns. Interventor xeral do Parlamento de Galicia

- D. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia.

Secretaria:

- D.^a María Aneiros González. Directora de Recursos Humanos e Réxime Interior.

2. Actuacións.

a) Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres “A” e “B” .

b) Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e hora que se sinalan no anuncio da convocatoria do concurso, abrirase o sobre “C” das empresas que presenten a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

c) A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos.

d) Unha vez determinada pola mesa de contratación a proposición máis vantaxosa, elevaralle á Mesa do Parlamento de Galicia a súa proposta de adxudicación. A Mesa do Parlamento decidirá tendo en conta o disposto no artigo 88.2 do TRLCAP.

3. Criterios de valoración.

Terase en conta para a valoración das proposicións formuladas en relación coa súa selección os seguintes criterios ponderados segundo o disposto no artigo 86 do TRLCAP:

a.- Valor técnico da oferta: ata 50 puntos.

b.- Prezo ofertado: ata 40 puntos: Ponderaranse as ofertas do seguinte xeito: a oferta igual ao orzamento de licitación valorarase con 10 puntos, e as demais de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación i :

$$\text{Puntos por repartir} \times \frac{\text{Orzamento de licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento de licitación} - \text{Oferta máis baixa}}$$

c.- Melloras ofertadas: ata 10 puntos

4. Órgano e procedemento para a adxudicación.

A adxudicación realizaraa o órgano de contratación, mediante resolución motivada, á oferta que se considere máis vantaxosa, sen que sexa necesario atender forzosamente o valor económico dela. Así mesmo, poderase declarar deserto o concurso (artigo 88.2 do TRLCAP).

A adxudicación seralles notificada aos participantes na licitación na forma sinalada no artigo 93 do TRLCAP.

Décimo terceira.- Garantía definitiva.

O adxudicatario estará obrigado a constituír a garantía definitiva por un importe do 4 % do prezo de adxudicación nalgunha das modalidades sinaladas no artigo 35.1 do TRLCAP, e no prazo máximo de oito días naturais, contados desde a data de notificación da adxudicación definitiva.

A garantía depositarase ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia.

Décimo cuarta.- Formalización do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a formalizar o contrato en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación.

Décimo quinta.- Penalidades por mora.

No caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos neste por causas imputables ao adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por:

a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.

b) Impoñerlle ao adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 95 do TRLCAP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución deles da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A constitución en mora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da administración.

Décimo sexta.- Gastos e impostos.

Todos os gastos e impostos que deriven do procedemento de contratación serán por conta do adxudicatario.

Tamén serán de conta do adxudicatario as perdas ou deterioracións ocasionadas no material parlamentario con motivo do seu labor.

Décimo sétima.- Condicións para a execución do contrato.

O servizo que ten que prestar a empresa adxudicataria, e que foi descrito anteriormente, suxeitarase ás seguintes condicións:

1. A empresa contratista elaborará un estudo organizativo do contrato que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a prestación do servizo. Neste documento describiranse en particular as funcións do persoal propio da empresa e a forma de realizalas.

O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e ao disposto nos pregos de contratación e de acordo co manual de procedemento elaborado polo contratista e aprobado pola Administración do Parlamento de Galicia.

2. O contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 211 do TRLCAP.

3. A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, que se precisará no estudo organizativo do servizo. Polo tanto, é responsabilidade da empresa contratista e do seu director técnico impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Administración do Parlamento de Galicia de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndenlle, así mesmo, á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas, horarios ou permisos ou calquera outra manifestación das

facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto. Neste sentido, as ausencias motivadas por permisos, vacacións, enfermidade ou por calquera circunstancia análoga deberán ser inmediatamente suplidas por outros empregados da empresa.

4. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCAP.

5. A empresa contratista dispoñerá dun director técnico, que dirixirá e organizará a actividade dos traballadores da empresa que precise destacar no Parlamento, controlando, ademais, a execución do servizo. A través deste director técnico canalizaranse as posibles incidencias que xurdan na execución dos contratos.

6. O contratista deberá concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil por unha contía que cubra todas as posibles responsabilidades ante a Administración do Parlamento de Galicia derivadas da execución do contrato.

7. A actividade obxecto do contrato estará sometida, cando menos, ao horario de funcionamento da Administración parlamentaria, conforme o establecido no prego de prescricións técnicas.

8. Os traballos realizaranse cando sexa preciso nas dependencias do Parlamento ou nas que este autorice ou determine. En consecuencia, a administración facilitaralle durante a duración do contrato á empresa adxudicataria un espazo debidamente equipado no que poder realizar os traballos que necesariamente se teñen que acometer no Parlamento de Galicia. O adxudicatario deberá achegar todos os materiais que precise para o desenvolvemento do servizo, entre outros os aparellos de telefonía móbil, ordenadores e calquera outro equipamento que precise.

Os equipamentos propiedade do adxudicatario non poderán ser retirados do Parlamento de Galicia sen unha verificación previa do Servizo de Tecnoloxías da Información co fin de determinar a non existencia de datos confidenciais. Unha vez verificados, emitirase a preceptiva autorización para proceder á retirada.

9. A formación do persoal da empresa adxudicataria correrá por conta dela e en ningún caso o seu custo será asumido polo Parlamento de Galicia.

10. O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos os dereitos e deberes inherente á súa calidade de empregador respecto do persoal, sendo a Administración parlamentaria allea ás ditas relacións laborais.

11. O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.

12. Durante a execución dos traballos e con anterioridade á emisión das certificacións comprobarase a adecuación dos servizos prestados.

13. O pagamento polos servizos prestados efectuarase tras certificación mensual dos traballos realizados por parte do xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información da Cámara.

14. Durante a execución dos traballos e con anterioridade á emisión das certificacións comprobarase a adecuación do persoal contratado ao establecido nestes pregos.

15. En reunións de carácter mensual avaliaranse todas aquelas incidencias que orixinasen atrasos no cumprimento dos obxectivos planificados. Cando ao xuízo da Administración parlamentaria as incidencias foran imputables ao adxudicatario, por falta de responsabilidade, incompetencia, desidia ou outras causas de índole similar, a facturación resultante quedará minorada no importe estimado das devanditas incidencias, sen prexuízo das accións e penalización que, de acordo coa normativa vixente e co prego de cláusulas administrativas, resulten procedentes.

16. Con carácter trimestral, verificarase o cumprimento dos obxectivos planificados para o período, procedendo a ratificar ou revisar os resultados.

Décimo oitava.- Propiedade intelectual e *software*.

O adxudicatario acepta expresamente que os dereitos de explotación das aplicacións informáticas e de calquera programa desenvolvido ao abeiro deste contrato correspóndenlle ao Parlamento de Galicia.

O adxudicatario comprométese a:

- Non copiar ningún *software* (programa de ordenador) licenciado ao Parlamento de Galicia sen previa autorización por escrito do Parlamento.

- Empregar o devandito *software* no ámbito deste contrato.

- Protexer ao Parlamento de accións de terceiras partes por incumprimento das leis de propiedade intelectual.

Décimo novena.- Seguridade e confidencialidade da información.

O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente nos de carácter persoal, que non poderá copiar ou empregar con fin distinto ao que figura no contrato e nestes pregos, nin ceder a outros nin sequera para efectos de conservación.

Os licitadores achegarán unha memoria descritiva das medidas que adoptarán para asegurar a dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada. Asemade, deberán incluír na súa oferta a designación da persoa ou persoas que, sen prexuízo da responsabilidade propia da empresa, estarán autorizadas para as relacións co Parlamento de Galicia para efectos do emprego correcto do material e da información que se vai manexar.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal.

Vixésima.- Transferencia de tecnoloxía.

Durante a execución dos traballos obxecto do contrato, o adxudicatario comprométese a facilitarlles en todo momento ás persoas designadas polo Parlamento de Galicia para tales efectos a información e documentación que estas soliciten para dispoñer de pleno coñecemento das circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos problemas que se poidan presentar e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizados para resolvelos.

Vixésimo primeira.- Resolución do contrato.

Son causas de resolución do contrato, ademais das establecidas nos artigos 111 e 214 do TRLCAP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou prohibicións enumeradas nestes pregos.
- b) A falsidade no nivel de coñecementos técnicos do persoal dedicado á prestación dos servizos ofertados.
- c) A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentada, polo Parlamento de Galicia.
- d) No caso de que un ou varios proxectos piloto non foran implantados no Parlamento de Galicia con éxito.
- e) No caso de que no período de probas un ou varios proxectos non foran implantados con éxito.
- f) A non constitución dos equipos de traballo previstos nos pregos de prescricións técnicas no prazo de cinco días hábiles seguintes á formalización do contrato.

Vixésimo segunda.- Réxime xurídico do contrato, interpretación e orde xurisdicional.

Dada a natureza administrativa do contrato, quedará sometido ás prescricións do Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, da Lei de contratos das administracións públicas e das súas disposicións de desenvolvemento.

Compételle ao órgano de contratación a interpretación do contrato e a súa modificación e resolución nos supostos e cos efectos previstos na LCAP.

Todas as cuestións litixiosas que xurdan serán sometidas á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Anexo I
Modelo de proposición

D. D.^a, con domicilio en, rúa, núm., con DNI núm., expedido en, actuando en nome propio ou en representación de, ao ter coñecemento do anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm., de data....., e das condicións e dos requisitos que se esixen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas da contratación administrativa do servizo de telefonía vokal e móbil e comunicación de datos do Parlamento de Galicia, mediante concurso público polo procedemento aberto, comprométese a cumprir o devandito contrato con suxeición ás condicións establecidas nos ditos pregos deste concurso, polo importe subliñado:

Lote 1: Servizo corporativo de comunicacións de voz e datos do Parlamento de Galicia. Importe total:..... euros anuais.

Prezos unitarios:(*especificaranse os prezos dos distintos servizos que integran o lote 1*).

Lote 2: Servizo corporativo de telefonía móbil do Parlamento de Galicia. Importe total:..... euros anuais

Prezos unitarios:(*especificaranse os prezos dos distintos servizos que integran o lote 2*).

(En letra e en número)

Lugar:

Data:

Sinatura do/a licitador /a

Prego de prescricións técnicas para as comunicacións corporativas do Parlamento de Galicia

Índice

Índice	13
1 Requirimentos técnico-funcionais	16
1.1 Obxectivos	16
1.2 Proxecto de execución	17
2 Descrición da situación actual	17
2.1.1 Comunicacións de voz e datos	17
2.1.1.1 Comunicacións de voz	17
2.1.1.2 Comunicacións de datos	17
2.1.1.3 Accesos das deputadas e deputados	18
2.1.2 Telefonía móbil	19
3 Especificacións técnicas	20
3.1 Lote 1. Servizo corporativo de comunicacións de voz e datos do Parlamento de Galicia	20
3.1.1 Comunicacións de voz e servizos avanzados	20
3.1.1.1 Centraliñas telefónicas	21
3.1.1.2 Servizos asociados ás centraliñas telefónicas	22
3.1.1.3 Interface coa rede pública de telefonía fixa	22
3.1.1.4 Interface co servizo corporativo de telefonía móbil	23
3.1.1.5 Interface coa rede de datos do PG	23
3.1.1.6 Plan de numeración privado	24
3.1.1.7 Plan de numeración de uso público	24
3.1.1.8 Integración co servizo corporativo de telefonía móbil	24
3.1.1.9 Tipos de chamadas	24
3.1.1.10 Servizos asociados aos terminais. Funcionalidades	25
3.1.1.10.1 Terminais de gama básica	25
3.1.1.10.2 Terminais de gama alta	25
3.1.1.10.3 Terminais de operadora	25
3.1.1.10.4 Terminais IP	25
3.1.1.11 Réxime de adquisición	26
3.1.1.12 Servizos de asistencia técnica	26
3.1.1.13 Servizos avanzados	26
3.1.1.13.1 Mobilidade	26
3.1.1.13.2 Directorio corporativo	26
3.1.1.13.3 Axenda persoal	27
3.1.1.13.4 Identificación avanzada de chamada	27
3.1.1.13.5 Asistente persoal configurable	27
3.1.1.13.6 Mensaxaría unificada	27
3.1.1.13.7 Servizo de traballo colaborativo	27
3.1.1.13.8 Servizo de videoconferencia IP	28
3.1.1.14 Servizos de facturación	28
3.1.1.15 Outros servizos	28
3.1.1.16 Disponibilidade e calidade do servizo	28
3.1.2 Comunicacións de datos	29
3.1.2.1 Seguridade	30
3.1.2.2 Direccionamento	30
3.1.2.3 Calidade do servizo	30
3.1.2.4 Disponibilidade	31
3.1.2.5 Crecemento	31

3.1.2.6	Tempo de atención de solicitudes	31
3.1.3	Accesos dos deputados e deputadas	31
3.1.4	Servizo de mantemento	33
3.2	Lote 2. Servizo corporativo de telefonía móbil do Parlamento de Galicia	34
3.2.1	Comunicacións móbiles	34
3.2.1.1	Interface co servizo corporativo de telefonía fixa	36
3.2.1.2	Servizos de voz	36
3.2.1.2.1	Servizos de rede privada virtual	36
3.2.1.2.1.1	Tipos de chamadas internas	36
3.2.1.3	Servizos adicionais	37
3.2.1.4	Outros servizos	37
3.2.1.4.1	Transmisión de datos	37
3.2.1.4.2	Itinerancia	38
3.2.1.4.3	Correo electrónico	38
3.2.1.5	Plans de numeración	38
3.2.1.5.1	Plan de numeración privado	38
3.2.1.5.2	Plan de numeración de uso público	38
3.2.2	Dispositivos móbiles (teléfonos)	39
3.2.2.1	Servizos asociados aos terminais móbiles. Funcionalidades	39
3.2.2.1.1	Terminais de gama básica	39
3.2.2.1.2	Terminais de gama avanzada	39
3.2.2.1.3	Módems USB	40
3.2.2.2	Réxime de adquisición	41
3.2.2.3	Stock <i>in situ</i>	41
3.2.2.4	Servizos de asistencia técnica	41
3.2.3	Servizos adicionais	41
3.2.3.1	Servizos de control de gasto	41
3.2.3.2	Servizos de facturación	42
3.2.3.3	Mensaxes de texto SMS	42
3.2.3.4	Outros servizos	42
3.2.4	Dispoñibilidade e calidade do servizo	42
4	Especificacións xerais	44
4.1	Aspectos xerais	44
4.2	Portelo único	44
4.3	Incidencias	44
4.4	Xestión de incidencias	45
4.5	Garantía	45
4.6	Xestión, operación e mantemento	45
4.7	Plan técnico de implantación	47
4.7.1	Prazo de entrega do servizo	47
4.7.2	Equipo de coordinación	47
4.7.3	Plan de implantación	47
4.7.3.1	Plan de migración	47
4.7.3.2	Plan de probas	48
4.7.4	Plan de operación	48
4.7.5	Plan de emerxencia	49
4.7.6	Plan de formación	49
5	Prezo e prazo de execución	50
5.1	Importe	50
5.2	Prazo de instalación	50
5.3	Control económico	50
5.4	Duración do contrato	51
6	Avaliación	52
6.1	Probas	52

6.2	Criterios de avaliación.....	52
6.2.1	Relación de criterios.....	52
6.2.1.1	Criterios.....	52
7	Outros.....	53
7.1	Seguridade e confidencialidade da información.....	53
7.2	Transferencia tecnolóxica.....	53
7.3	Subcontratación de traballos.....	53
8	Estrutura normalizada das ofertas.....	54

1 Requirimentos técnico-funcionais

- (1). No contorno de renovación tecnolóxica no que se atopa o Parlamento de Galicia, estase a abordar unha renovación global das infraestruturas de comunicacións que inclúen telefonía vocal, telefonía móbil, liñas de comunicacións, conexión dos deputados e deputadas e servizos de valor engadido.
- (2). Este PPT definirá o marco tecnolóxico mínimo das necesidades do Parlamento de Galicia en materia de telecomunicacións, considerándose un servizo de telecomunicacións e admitíndose melloras aos servizos descritos nel.

1.1 Obxectivos

- (3). Os obxectivos do seguinte procedemento son establecer as bases que deberán rexer a contratación dos seguintes servizos, subdivididos en lotes, tal e como se indica na seguinte táboa:

<i>Lote</i>
Lote 1. Servizo corporativo de comunicacións de voz e datos do Parlamento de Galicia
Lote 2. Servizo corporativo de telefonía móbil do Parlamento de Galicia

1.2 Proxecto de execución

- (4). Os oferentes realizarán e presentarán un proxecto de execución do contido deste PPT. O proxecto presentado terase en conta na avaliación da oferta presentada.
- (5). Os oferentes presentarán a súa mellor oferta para a prestación do servizo, sen alternativas nin variantes.
- (6). O proxecto de execución presentarse en papel e en soporte electrónico (formato de arquivo MS Word, PDF, MS Excel, MS PowerPoint).
- (7). As características técnicas descritas a seguir teñen a condición de mínimas. As melloras e a súa valoración pódense atopar no punto 6.2 do PPT.

2 Descrición da situación actual

2.1.1 COMUNICACIÓNS DE VOZ E DATOS

2.1.1.1 Comunicacóns de voz

- (8). O Parlamento de Galicia ten a súa sede no pazo do Hórreo en Santiago de Compostela. Consta dun único edificio, polo que poderá considerarse o ámbito topolóxico desta contratación como monolocalización.
- (9). Dispónse dos seguintes elementos:
- Centraliña Alcatel OmniPCX 4400
 - Operadora Alcatel 4048B operator console
 - Número de extensións dispoñibles (a centraliña é ampliable)> 420
 - 120 analóxicos
 - 300 dixitais
 - 20 Dect
 - Liñas externas>
 - Enlaces primarios de 30 canles cada un> 2 de telefonía fixa e 1 de telefonía móbil
 - Liñas analóxicas por fóra da centraliña (seguridade)> 3
- (10). Existe un plan de numeración de catro cifras da telefonía fixa.
- (11). No anexo I amósanse uns exemplos de perfís de saída, agrupados por tipo de tráfico, para o período de 12 meses dun ano.

2.1.1.2 Comunicacóns de datos

- (12). O Parlamento de Galicia conta con dúas liñas principais de datos e unha liña ADSL de respaldo. O obxectivo foi dispoñer de accesos físicos independentes ata o Parlamento de Galicia e os seus nós principais.
- (13). Na seguinte táboa amósanse os datos das liñas.

Tipo liña	Valor
MetroLan	6 Mb simétricos
Frame Relay	4 Mb simétricos
ADSL	4 Mb baixada / 512 Kb subida

- (14). A conexión das devanditas liñas á infraestrutura do PG faise mediante un sistema de multiconexión e de balanceo de carga (Radware LinkProof).
- (15). A rede de datos de área local (LAN) está composta por un switch central Avaya P580 e switches de planta Avaya P133, Avaya P333 e Ovislink. Na seguinte táboa indícanse os módulos que compoñen a electrónica de rede LAN instalada na actualidade.

N.º SERIE	DESCRIPCIÓN
132º1821	80-SERIES P580R LAYER SWITCH, INCLUDING...
126A1545	MÓDULO SUPERVISOR M8000R-SUP
231A1458	24-PORT L2-ONLY 10/100 MODULE WITH RJ45 CONNECTORS
102J2148	PLACA 4 PORTS 1000 BASE SX P580
20020403-70526	1000BASE-SX COMPLIANT GBIC TRANSCEIVER
20020403-70672	1000BASE-SX COMPLIANT GBIC TRANSCEIVER
20020403-70047	1000BASE-SX COMPLIANT GBIC TRANSCEIVER
20020403-70136	1000BASE-SX COMPLIANT GBIC TRANSCEIVER
S4499274	AVAYA P133-G2 24 PORTS 10/100 + 2GBIC WORKGROUP
N/A	F/O 1000BASESX,SFP TYPE GBIC TRANSCEIVER FOR 550N
S4499106	AVAYA P133-G2 24 PORTS 10/100 + 2GBIC WORKGROUP
N/A	F/O 1000BASESX,SFP TYPE GBIC TRANSCEIVER FOR 550N
S4498650	AVAYA P133-G2 24 PORTS 10/100 + 2GBIC WORKGROUP
N/A	F/O 1000BASESX,SFP TYPE GBIC TRANSCEIVER FOR 550N
S4499318	AVAYA P133-G2 24 PORTS 10/100 + 2GBIC WORKGROUP
N/A	F/O 1000BASESX,SFP TYPE GBIC TRANSCEIVER FOR 550N
4443179	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS+EXP SLOT
N/I	CAJUN P330 STACKING MODULE X330STK
102J2148	P880 L2-ONLY 4-PORT GIG MODULE WITH GBIC INTERFACE
4275155	CAJUN P333R ROUTER 24X10/100 BASET+EXP SLOT
N/A	P330 1 PORT 1000 BASE SX UPLINK X330LI
4464844	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS EXP SLOT
N/A	CAJUN P330 STACKING MODULE X330STK
4443177	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS+EXP SLOT
N/A	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS+EXP SLOT
N/A	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS+EXP SLOT
N/A	CAJUN P333T STACKABLE SWITCH 24 PORTS+EXP SLOT
HOHR2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
HOLG2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
HOMB2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
HOLH2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
HOJY2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
HOLN2280C	CONVERSOR ALLIED TELESYN 100TX/RJ45 TO 100FX/ST
N/A	MULTISERVICE NETWORK MANAGER SMON MANAGER 4,5

- (16). Existen ademais 2 equipos Cisco PIX 515E e 2 equipos Fortigate-400A, que proporcionan servizos de seguridade á rede de datos.

2.1.1.3 Accesos das deputadas e deputados

- (17). Dentro da denominada "Oficina do/a deputado/a", as deputadas e deputados do PG contan con accesos á rede internet nos seus domicilios.
- (18). A tipoloxía das liñas de acceso depende das localizacións dos domicilios e están en función da dispoñibilidade das tecnoloxías de conexión (direccionamento IP público único e fixo)
- ✓ Cable 6 Mbps
 - ✓ ADSL 1 Mbps
- (19). Estas liñas están proporcionadas polo provedor adxudicatario do concurso realizado a este efecto e a súa xestión e mantemento dependen enteiramente del.
- (20). Nos seus domicilios, as deputadas e deputados dispoñen de routers WiFi.
- (21). Para o acceso ás zonas privadas do PG emprégase o software Citrix Metaframe

- (22). Disponse tamén de tarxetas PCMCIA (HSDPA) para o seu uso en equipos portátiles.

2.1.2 TELEFONÍA MÓBIL

- (23). O PG dispón dun servizo corporativo de telefonía móbil integrado na rede de telefonía fixa, de xeito que, para os efectos de marcación, os terminais móbiles compórtanse como extensións fixas da rede.
- (24). O número de terminais móbiles é de 144, en propiedade do PG e en exclusiva cun único operador.
- (25). Existe un plan de numeración de catro cifras integrado co plan de numeración da telefonía fixa.
- (26). O enlace entre as redes de telefonía fixa e móbil lévase a cabo mediante un acceso primario de canles.
- (27). O tráfico de extensións fixas ata os terminais móbiles, na actualidade, é responsabilidade do operador de telefonía móbil a través dun enlace primario localizado nas dependencias do PG.
- (28). No anexo II amósanse uns exemplos de perfís de consumo, agrupados por tipo de tráfico, para un período de doce meses dun ano.

3 Especificacións técnicas

3.1 Lote 1. Servizo corporativo de comunicacións de voz e datos do Parlamento de Galicia

- (29). Incluiranse neste lote as comunicacións de telefonía fixa vocal e de datos do PG. Asemade, serán responsabilidade do adxudicatario do lote os accesos de datos para os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia nos seus domicilios.

3.1.1 COMUNICACIÓNS DE VOZ E SERVIZOS AVANZADOS

- (30). Tomando como punto de partida a situación actual, o obxectivo desta sección é establecer os criterios técnicos para a prestación do servizo corporativo de telefonía fixa do PG, así como de servizos avanzados de centraliña. Preténdese manter o servizo que actualmente se está a prestar e a súa actualización para incorporar as máximas funcionalidades técnicas posibles. Requírese, polo tanto, a dotación, instalación, configuración, posta en marcha, xestión e mantemento de todos os elementos que constitúan este servizo, garantindo a súa plena operatividade durante todo o período de vixencia da presente contratación.
- (31). O servizo de telefonía fixa no PG estará soportado por centraliñas telefónicas con tecnoloxía de última xeración que satisfagan as recomendacións e normativas internacionais, e sendo o provedor responsable do deseño da arquitectura de rede que soportará o servizo.
- (32). O servizo de telefonía fixa deberá proporcionar conexión entre todos os usuarios do PG, así como proporcionar os recursos necesarios para canalizar o tráfico de voz ata redes externas, independentemente do destino xeográfico da comunicación. O servizo de telefonía fixa ofertado deberá ter, de xeito xeral, as seguintes características:
- Ofrecer servizos finais de telefonía fixa e, adicionalmente, servizos de valor engadido (mensaxaría vocal, atención automática de chamadas, distribución automática de chamadas, facilidades de comunicación asociadas ás extensións, etc.)
 - Prover un plan de numeración privado completo e integrado co servizo de telefonía móbil
 - Permitir a tarificación detallada por cada terminal, sendo capaz de proporcionar informes e estatísticas agregadas por criterios por definir.
- (33). O servizo de telefonía fixa estará dotado dun completo sistema de xestión. Esta plataforma deberá permitir obter toda a información necesaria para a administración das restricións, o tráfico xerado mensualmente, a posibilidade de tarificación mediante agrupacións. Considérase desexable a obtención de tarifas especiais e a posibilidade de establecemento de tarifas planas para as chamadas realizadas por usuarios deste servizo. O

adxudicatario do servizo deberá proporcionar, instalar, operar e manter todo o equipamento necesario, así como todos os elementos accesorios e obra civil requirida para a prestación do servizo aquí definido. Estarán tamén incluídos, como obxecto deste PPT, o mantemento do cableado dos puntos de rede que se usarían para os teléfonos de usuario, así como os paneis e elementos auxiliares nos racks de comunicacións, e a electrónica de rede necesaria para cursar o tráfico na rede LAN do PPG.

- (34). Será tamén o adxudicatario o que proverá ao PG das ampliacións de equipamento incluído no servizo de mantemento especificado neste PTT, necesarias para proporcionar novas altas de usuarios: ampliacións de centraliñas telefónicas, novos terminais e accesorios, enlaces de transmisións, electrónica de rede, novos puntos de rede e elementos auxiliares de cableado. Ademais, unha vez integrado o novo equipamento, terá idéntico servizo de mantemento que o resto da rede. Deberanse proporcionar prezos unitarios para terminais e accesorios, altas de extensión, ampliación de electrónica de rede e enlaces de telefonía. A incorporación de novos puntos de rede e elementos de cableado auxiliares, cando sexan necesarios, será obxecto de valoración adicional independente por parte do adxudicatario.

3.1.1.1 Centraliñas telefónicas

- (35). Requírese a renovación da actual infraestrutura por un sistema de centraliñas telefónicas de última xeración, que dean soporte a todas as funcionalidades dispoñibles na actualidade e que ademais proporcionen os novos servizos avanzados de valor engadido que se describen nos seguintes puntos. Preténdese transformar o edificio do Parlamento de Galicia nun contorno de referencia de alto nivel tecnolóxico, con aplicacións multimedia e servizos de máxima produtividade.
- (36). A solución presentada polo adxudicatario deberá estar instalada nas dependencias do PG; quedarán excluídas solucións baseadas na infraestrutura do operador que non pasen a ser propiedade do PG á finalización do contrato.
- (37). O operador deberá prever na súa oferta as ampliacións do servizo ofertado asumindo un crecemento do número de usuarios do servizo continuo durante o período de vixencia do concurso.
- (38). As centraliñas propostas deberán permitir a conexión de:
- Teléfonos analóxicos multifrecuencia
 - Teléfonos dixitais
 - Teléfonos IP
 - Fax (grupos 3 e 4)
 - Servizos de mensaxaría de voz
 - Capacidade de integración de terminais inalámbricos
 - Servizos avanzados de valor engadido.

3.1.1.2 Servizos asociados ás centraliñas telefónicas

- (39). Establécense unha serie de funcionalidades mínimas asociadas ás centraliñas telefónicas propostas. Estas funcionalidades amósanse a seguir:
- Extensión analóxica
 - Extensións dixitais
 - Extensións IP
 - Conexión á rede pública empregando liñas analóxicas
 - Conexión á rede pública usando acceso básico RDSI
 - Conexión á rede pública usando acceso primario RDSI
 - Comunicacións con destinos metropolitanos
 - Comunicacións con destinos provinciais
 - Comunicacións con destinos rexionais
 - Comunicacións con destinos nacionais
 - Comunicacións con destinos internacionais
 - Comunicacións con destinos móbiles
 - Servizo de distribución automática de chamadas
 - Posibilidade de integración do servizo de operadora automática
 - Directorio telefónico
 - Multiconferencia sen presenza de operador/a, desde calquera extensión
 - Fax grupo 3
 - Sistemas xefa/e - secretaria/o
 - Restrición de chamadas non desexadas
 - Cadeado electrónico
 - Desvío de chamadas
 - Grupo de salto
 - Grupo pechado de usuarios
 - Indicación de chamadas en espera
 - Presentación/restrición de identidade de usuario chamante
 - Presentación/restrición de identidade de usuario conectado
 - Marcación directa de extensións
 - Marcación abreviada
 - Liña directa sen marcación
 - Numeración múltiple
 - Servizo de mensaxaría vocal
 - Información de cambio de número
 - Información de tarificación
 - Facilidades de xestión de consumo
 - Desvío a distancia

3.1.1.3 Interface coa rede pública de telefonía fixa

- (40). O adxudicatario deberá facer uso de interfaces dixitais E1 para permitir o acceso desde a centraliña ás redes públicas, valorándose que se poida dispoñer de máis dun enlace primario.
- (41). Asemade, a centraliña posibilitará o acceso a redes públicas mediante enlaces analóxicos como conexións de emerxencia. Será obxecto de especial valoración que a

solución técnica proporcione a máxima redundancia posible das liñas de emerxencia respecto das principais, co fin de lograr a máxima garantía do servizo e asegurar a continuidade deste no caso de fallo dos enlaces principais.

- (42). Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario:
- Dispoñer dos medios físicos para acadar o punto ou os puntos de interconexión definidos, desde os seus centros frontais ata os armarios de interconexión localizados no PG.
 - Configurar o encamiñamento do tráfico na centraliña ata as redes de telefonía fixa públicas optimizando os recursos dispoñibles.

3.1.1.4 Interface co servizo corporativo de telefonía móbil

- (43). O servizo corporativo de telefonía fixa deberá estar interconectado co servizo corporativo de telefonía móbil do PG, mediante o uso de interfaces dixitais E1.
- (44). Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario deste lote:
- Configurar o encamiñamento do tráfico na centraliña ata as redes de telefonía móbil públicas empregando os enlaces co operador adxudicatario do servizo corporativo de telefonía móbil.
 - Garantir o completo funcionamento da infraestrutura mantida ata o punto de interconexión co operador adxudicatario do servizo corporativo de telefonía móbil.
- (45). Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario do lote 2 (servizo corporativo de telefonía móbil):
- Prover polo menos un enlace dixital E1 que se conectará á centraliña para a interconexión dos servizos de telefonía fixa e móbil. En función dos datos achegados polo PG, o adxudicatario deberá especificar na oferta presentada o tipo de enlaces que considere máis adecuados co obxecto de optimizar a utilización das liñas, minimizar os custos e garantir o servizo.
- (46). O tráfico de fixo a móbil poderá entrar na contratación deste lote 1 (telefonía fixa) ou na do lote 2 (telefonía móbil), a decisión do PG segundo as ofertas presentadas.

3.1.1.5 Interface coa rede de datos do PG

- (47). O adxudicatario deberá permitir o uso de interfaces tipo Ethernet para permitir a xestión e monitorado da centraliña, empregando a rede IP de datos do PG. Esta interface deberá permitir a conexión aos servizos de xestión das centraliñas empregando protocolos TCP/IP. Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario:
- Dispoñer dos medios físicos para acadar o punto ou os puntos de interconexión definidos desde as centraliñas ata os puntos de interconexión coa rede de datos.
 - Configurar o encamiñamento do tráfico nas centraliñas cara á rede IP do PG.
 - Garantir o completo funcionamento da infraestrutura mantida ata o punto de interconexión coa rede IP do PG.

- (48). Non é obxecto deste PPT o cableado dos puntos de rede que se usarían para os teléfonos de usuario.

3.1.1.6 Plan de numeración privado

- (49). O plan de numeración da rede corporativa de voz do PG mantén extensións fixas cunha numeración a 4 díxitos tanto para as extensións fixas como as móbiles. Requírese o mantemento do plan de numeración existente. Isto implica o mantemento da numeración de todas as extensións corporativas.

3.1.1.7 Plan de numeración de uso público

- (50). O plan de numeración pública do servizo corporativo de telefonía fixa do PG está integrado co rango de numeración pública utilizado na provincia da Coruña. Requírese o mantemento desta numeración pública. Isto implica o mantemento da numeración de todas as liñas de telefonía fixa existentes no PG.

3.1.1.8 Integración co servizo corporativo de telefonía móbil

- (51). Segundo o exposto no punto 3.1.1.4, os servizos de comunicacións móbiles estarán integrados dentro da rede corporativa do PG. Tanto liñas móbiles como extensións fixas consideraranse dentro do mesmo plan de numeración e permitirán o establecemento de comunicacións mediante marcación abreviada. Requírese o mantemento da integración entre extensións fixas e liñas móbiles.

3.1.1.9 Tipos de chamadas

- (52). Na situación actual, o PG distingue os tipos de chamadas que se detallan a seguir, en función da súa orixe e destino. O tipo de chamada é independente da marcación do número abreviado ou do número asignado na rede pública.

Tipo chamada	Destino
Interna	Extensión interna
Metropolitana	Localidade de orixe da chamada
Provincial	Provincia de orixe da chamada
Nacional	Outras provincias
Internacional	Outros países
Móbil	Móbiles
Resto	Servizos especiais e outros

- (53). Para efectos de facturación, enténdese que o custo unitario de cada unha destas chamadas pode ser diferente, cun posible detalle adicional dalgunha das tipoloxías. Valorarase positivamente a inclusión na oferta da opción de establecemento dunha tarifa plana para o consumo telefónico, que inclúa polo menos as chamadas internas, metropolitanas, provinciais e nacionais.

3.1.1.10 Servizos asociados aos terminais. Funcionalidades

- (54). O adxudicatario deberá incluír na súa oferta a descrición e características técnicas dos terminais de usuario. Deberase distinguir entre terminais básicos e avanzados, tanto nos utilizados como extensións da centraliña como os usados en liñas independentes. De xeito adicional, deberán poñerse á disposición do PG terminais especiais que faciliten a integración de usuarios afectados por minusvalías, en concreto e como mínimo:
- No caso de invidentes, terminais con teclado Braille integrado.
 - No caso de persoas con minusvalía auditiva, envío e recepción de mensaxes escritas a través do teléfono, ou terminais con sinal de aviso visual.

3.1.1.10.1 Terminais de gama básica

- (55). Considéranse funcionalidades mínimas para os terminais de gama básica as seguintes:
- Marcación multifrecuencia
 - Control do volume de chamada
 - Teclas de función predefinidas
 - Acceso a todas as funcionalidades básicas da centraliña, para os terminais correspondentes.

3.1.1.10.2 Terminais de gama alta

- (56). Considéranse funcionalidades mínimas para os terminais de gama alta as seguintes:
- Display
 - Memorización de números
 - Teclas de función programables
 - Control do volume de audio
 - Altofalante "mans libres"
 - Marcación multifrecuencia
 - Acceso a todas as funcionalidades básicas e avanzadas da centraliñas, para os terminais correspondentes.

3.1.1.10.3 Terminais de operadora

- (57). Os terminais de operadora son utilizados polo persoal que ofrece servizo no centro de atención de chamadas do PG. Considéranse funcionalidades mínimas para estes terminais as seguintes:
- Display
 - Memorización de números
 - Teclas de función programables
 - Control do volume de audio
 - Altofalante "mans libres"
 - Sistema de auriculares integrado
 - Marcación multifrecuencia
 - Acceso a todas as funcionalidades avanzadas da centraliña

3.1.1.10.4 Terminais IP

- (58). Deberán establecerse, polo menos, 3 gamas de terminais:
- Gama básica
 - Gama alta
 - Teléfonos Software
- (59). En cada unha das gamas débense considerar, como mínimo, as mesmas funcionalidades que as esixidas nas correspondentes gamas de teléfonos tradicionais. De xeito adicional, os teléfonos deben ser compatibles coa infraestrutura de telefonía fixa instalada no PG.

3.1.1.11 Réxime de adquisición

- (60). O adxudicatario deste servizo deberá proporcionar os terminais adecuados para a prestación de todos os servizos. O adxudicatario deberá ofrecer un catálogo actualizado de todos os tipos de terminais ofrecidos para a plataforma proposta. Neste catálogo deberán describirse as características de cada modelo.

3.1.1.12 Servizos de asistencia técnica

- (61). O operador debe ofrecer un servizo de garantía e mantemento de terminais durante a vixencia do contrato. Este servizo debe permitir que todos os usuarios do PG conten con terminais e accesorios plenamente operativos, actualizados e capaces de soportar os servizos do adxudicatario en todo momento.

3.1.1.13 Servizos avanzados

- (62). Considérase necesario dotar os usuarios da rede corporativa de telefonía do Parlamento de Galicia con novos servizos de valor engadido, implementados mediante solucións baseadas en tecnoloxía IP de última xeración e configurados sobre o propio equipamento instalado nas dependencias do PG,
- (63). Requírense como mínimo os servizos avanzados de valor engadido indicadas nas seguintes alíneas.

3.1.1.13.1 Mobilidade

- (64). Posibilidade de que un usuario se conecte á rede corporativa de telefonía de forma remota desde unha localización externa ao edificio do Parlamento, usando para isto un teléfono IP e unha conexión de datos con ancho de banda e calidade de servizo suficientes.
- (65). Desta forma, un parlamentario ou técnico do Parlamento, en calquera lugar no que se encontre (xa sexa na súa casa, de viaxe, etc.), sempre que dispoña dunha conexión IP, poderá dispoñer do mesmo contorno de traballo que ten no Parlamento.
- (66). Todas as chamadas telefónicas cursaranse de forma centralizada polos enlaces de operador que se instalen no Parlamento, de forma que pasarán a tarificarse de igual forma que o resto de tráfico telefónico xerado polo Parlamento.

3.1.1.13.2 Directorio corporativo

- (67). Lista dos usuarios da rede corporativa, con posibilidade de visualización da información asociada a cada un deles en formato texto/gráfico (nome, foto, datos de contacto, datos profesionais, etc.), existindo ademais a opción de realizar chamadas mediante un click de rato (*click to call*), opcións de buscas progresivas e buscas configurables, etc.

3.1.1.13.3 Axenda persoal

- (68). Lista de contactos persoais do usuario, con posibilidade de visualización da información asociada a eles, en formato texto/gráfico (nome, foto, datos de contacto, datos persoais e profesionais, modo preferido de comunicación, etc.), existindo tamén a opción de realizar chamadas mediante un click de rato, opcións de buscas, etc.

3.1.1.13.4 Identificación avanzada de chamada

- (69). Coa presentación en tempo real da información dispoñible do chamante, en formato texto/gráfico (número do chamante, nome do usuario, foto, datos persoais e/ou profesionais, asunto, etc.).
- (70). Valorarase ademais a posibilidade de dispoñer dun log de chamadas (entrantas, saíntes, perdidas), con opcións de buscas e filtrados.

3.1.1.13.5 Asistente persoal configurable

- (71). Para unha xestión dinámica das chamadas, con posibilidade de configuración por parte do usuario do enrutamento futuro das chamadas, en función de horarios, número chamante, estado actual, etc.

3.1.1.13.6 Mensaxaría unificada

- (72). Integración das mensaxes de voz, correo electrónico e fax nun sistema que permita a súa recepción e xestión de forma unificada.
- (73). Requírese servizo de mensaxes de voz, mail e fax, nun sistema de xestión de mensaxaría unificada, para polo menos 300 usuarios, cun mínimo de 16 canais para accesos concorrentes a caixas de voz e 4 canais para accesos concorrentes a caixas de fax. Control e integración de axendas
- (74). Con visualización do estado de cada usuario presente nunha lista de traballo persoal (activo, comunicando, ocupado ata unha hora determinada, etc.)

3.1.1.13.7 Servizo de traballo colaborativo

- (75). Deberase dotar os usuarios dunha ferramenta que lles permita compartir, de forma concorrente e en tempo real, documentos informáticos nos formatos estándares mais utilizados, incluíndo polo menos as aplicacións de Microsoft Office (Microsoft Word, Microsoft Excel, Microsoft Access, Microsoft Powerpoint).
- (76). Os usuarios deberán poder acceder a documentos comúns nos formatos definidos, de maneira concorrente e en tempo real tanto para lectura como para escritura, e

isto será así para todos os usuarios que acceden (escritura non só para o primeiro que o fai).

- (77). Requírese servizo de traballo colaborativo para polo menos 100 usuarios, cun mínimo de 15 accesos concurrentes

3.1.1.13.8 Servizo de videoconferencia IP

- (78). Deberase dotar os usuarios deste escenario dunha ferramenta multimedia que lles permita establecer sesións de videoconferencia a través de IP.
- (79). Requírese servizo de videoconferencia IP para polo menos 100 usuarios, cun mínimo de 15 accesos concurrentes
- (80). Para este sistema valoraranse ademais as seguintes funcionalidades:
- Integración da videoconferencia IP coa telefonía IP nunha mesma sesión de audio+vídeo coordinado.
 - Posibilidade de establecer conferencias multimedia entre máis de dous usuarios.

3.1.1.14 Servizos de facturación

- (81). A facturación debe presentarse de xeito resumido en formato papel, e o seu detalle en formato electrónico. O formato electrónico debe permitir o tratamento dos datos. Considérase desexable o acceso aos datos de facturación a través dunha aplicación vía web. O adxudicatario deberá establecer tanto a autenticación dos usuarios como a seguridade no acceso aos datos. O servizo de facturación debe garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.1.1.15 Outros servizos

- (82). Con independencia dos servizos mencionados con anterioridade, o adxudicatario deberá garantir o acceso a novos servizos durante o período de vixencia do contrato. Para a contratación destes servizos, realizaranse os acordos pertinentes para a súa incorporación ao catálogo de servizos ofrecidos ao PG por parte do operador adxudicatario.
- (83). Considérase desexable o establecemento dun tipo de desconto mínimo sobre as ofertas de servizos e produtos do operador vixentes en cada momento.

3.1.1.16 Disponibilidade e calidade do servizo

- (84). O servizo corporativo de telefonía fixa deberá ofrecer de forma xeral unha alta dispoñibilidade cun servizo garantido de 24 horas ao día durante os 7 días da semana. Considérase necesario que a dispoñibilidade do servizo sexa sempre superior ao 99,99 % mensual.
- (85). O operador deberá informar dos traballos realizados na súa rede e que poidan afectar a calidade e dispoñibilidade do servizo ofrecido ao PG cun mínimo de 3 días de antelación. Nestes casos, o portelo de actividade para a realización dos traballos será acordado co PG durante eses 3 días previos. Considérase necesaria a

inclusión dunha proposta de compromisos de calidade do servizo, utilizando as variables que se definen a seguir:

- Garantía nos prazos de instalación. Parámetros que indican o grao de cumprimento nos prazos de implantación de cada un dos servizos.
- Disponibilidade do servizo. Parámetros que indican a porcentaxe de tempo en que para un período establecido como mensual os servizos se prestan coa calidade adecuada.
- Tempo entre fallos. Parámetro que indica o tempo transcorrido entre dúas incidencias consecutivas que afectan o servizo ofrecido.
- Xestión do servizo. Parámetro que indica o tempo empregado en trámites administrativos como altas, baixas ou modificacións dos servizos asociados a unha liña.
- Xestión de incidencias. Parámetro que detalla o tempo transcorrido desde o aviso dunha incidencia no servizo ata a súa resolución completa.

3.1.2 COMUNICACIÓNS DE DATOS

- (86). Tomando como punto de partida a situación actual, o obxectivo desta sección é establecer os criterios técnicos para a prestación do servizo corporativo de acceso á Internet do PG.
- (87). O PG necesita contar cunha conexión duplicada á rede Internet. O adxudicatario terá que empregar necesariamente accesos físicos independentes ata o Parlamento de Galicia e os seus nós principais. As características que como mínimo deberá cumprir cada unha das conexións á Internet son as indicadas na seguinte táboa:

Característica	Valor
Caudal bidireccional. Réxime binario garantido mínimo	4 Mbps
Disponibilidade mensual mínima	99,3 %
Plan de seguridade	Si
Horario de atención de incidencias normal	luns a venres de 8.00 a 20.00
Horario de atención de incidencias extraordinario	24 horas ao día
Tempo de resolución de incidencias	4 horas
Portelo único	Si
Tempo de resposta de incidencias	1 hora
Número de enderezos IP pública	32

- (88). Requírese a dotación, instalación, configuración, posta en marcha, xestión e mantemento de todos os elementos que constitúan este servizo, garantindo a súa plena operatividade durante todo o período de vixencia desta contratación. Neste alcance inclúense todos os elementos accesorios e obra civil requirida para a prestación do servizo aquí definido.
- (89). O adxudicatario deberá incluír na súa oferta a subministración necesaria para a renovación de toda a electrónica de rede que constitúe a LAN, de modo que se proporcione calidade de servizo suficiente para os servizos

ofrecidos no alcance deste PPT (xestión de QoS na LAN, ToIP na LAN).

3.1.2.1 Seguridade

- (90). Os licitadores na súa oferta achegarán un plan de seguridade onde describan cantos mecanismos e sistemas de seguridade dispoñan que sexan aplicables á oferta para garantir a seguridade (física, lóxica, de continuidade do servizo, etc.) da prestación do servizo.

3.1.2.2 Direccionamento

- (91). O adxudicatario encamiñará o tráfico que se lles envíe aos seus equipos de comunicación desde e cara ao Parlamento de Galicia. O encamiñamento farase empregando redes estatais, agás en casos xustificados.
- (92). O Parlamento de Galicia ten actualmente asignados os seguintes dominios:
- a) parlamentodegalicia.es
 - b) parlamentodegalicia.com
 - c) parlamentodegalicia.info
 - d) parlamentodegalicia.tv
 - e) parlamentodegalicia.net
- (93). Será responsabilidade do adxudicatario a xestión e o mantemento destes dominios.
- (94). O Parlamento de Galicia poderá facerlle peticións de dominios adicionais ao adxudicatario.
- (95). Na oferta especificaranse os enderezos IP dos servidores DNS primario e secundario e o tempo medio de atención de peticións de resolución de dominios desde os equipos situados no Parlamento de Galicia.

3.1.2.3 Calidade do servizo

- (96). O Parlamento de Galicia terá especialmente en conta na avaliación das ofertas a calidade do servizo.
- (97). Para tal efecto, o Parlamento de Galicia empregará como indicadores de calidade do servizo os seguintes:
- a) Dispoñibilidade mensual do servizo.
 - b) Redundancia do servizo.
 - c) Ancho de banda garantido ata os nós neutros, con indicación de cales son os nós neutros empregados. En concreto requírese que o adxudicatario dispoña de ancho de banda garantido co nó neutro galego (Galnix) e co nó neutro español (Espanix).
 - d) Porcentaxe de tráfico permitido sobre o tráfico máximo.
 - e) Porcentaxe de tráfico descartado.
 - f) Tempo de resolución de dominios polos DNS primario e secundario.
 - g) Calquera outro indicador sempre e cando sexa un criterio técnico, obxectivo e medible que permita complementar a análise da calidade que se vai subministrar.

3.1.2.4 Disponibilidade

(98). A dispoñibilidade mensual media durante un mes, medida durante as vinte e catro horas do día os sete días da semana, será cando menos do 99,3 % para todos e cada un dos doce meses do ano.

(99). A fórmula que se empregará na determinación da dispoñibilidade é a seguinte:

$$a) \text{ Porcentaxe_dispoñibilidade} = (T_{\text{total}} - T_{\text{indispoñible}}) / T_{\text{total}}$$

Onde:

T_{total} é o tempo total nun mes (en segundos).

$T_{\text{indispoñible}}$ é o tempo no que non houbo ningún servizo.

3.1.2.5 Crecemento

(100). Tendo en conta a evolución tecnolóxica, cómpre que a oferta prevexa, ademais das necesidades actuais, a posibilidade de crecemento ou actualización dos elementos necesarios para a conexión á rede Internet coa finalidade de ofrecer unha solución aberta, flexible e adaptable ao contorno. Especialmente terase en conta a posibilidade do aumento do caudal de acceso á rede Internet.

(101). Será responsabilidade do adxudicatario ter os medios necesarios para atender este crecemento da demanda e dos cambios coa máxima calidade de servizo.

(102). O adxudicatario achegará os custos que as posibles ampliacións poidan ter para o Parlamento de Galicia sobre a oferta inicial.

3.1.2.6 Tempo de atención de solicitudes

(103). O tempo de atención de solicitudes será o seguinte:

Tempo de atención	
Petición de novos dominios	7 días
Reconfiguración de equipos	3 días
Modificacións de caudal (se non é preciso cambio nas liñas de acceso)	2 días
Modificacións de entradas DNS	2 días

3.1.3 ACCESOS DOS DEPUTADOS E DEPUTADAS

(104). Tomando como punto de partida a situación actual, o obxectivo desta sección é establecer os criterios técnicos para a contratación de accesos á Internet de banda ancha nos domicilios dos deputados e deputadas da Cámara Autonómica galega.

(105). Con carácter suplementario ao anterior dotarase dun acceso mediante rede telefónica básica (acceso básico RDSI) á Internet para os casos en que non exista conexión de banda ancha.

(106). As solucións achegadas terán que garantir unha cobertura en alta velocidade de, cando menos, un 75 % das localizacións solicitadas.

- (107). As características que, con carácter xeral, deberán cumprir como mínimo as conexións de banda ancha son as indicadas na seguinte táboa, se ben necesariamente en todos os accesos actualmente en servizo o adxudicatario deberá proporcionar unha velocidade e funcionalidades iguais ou superiores ás actuais:

Característica	Valor
Caudal ascendente mínimo. Sentido usuario -> rede Internet	300 Kbps
Caudal descendente mínimo. Sentido rede Internet -> usuario	1024 Kbps
Plan de seguridade	Si
Horario de atención de incidencias normal	luns a venres de 8.00 a 20.00
Horario de atención de incidencias extraordinario	24 horas ao día
Tempo de resolución de incidencias	4 horas
Portelo único	Si
Tempo de resposta de incidencias	1 hora
Localizacións	As que se determinen na xeografía galega
Acceso á Internet	Si, independente do acceso á Internet do Parlamento de Galicia
Enderezos IP públicos fixos	Cando menos un
Uso de telefonía vocal IP	Habilitado
Propiedade da liña	Parlamento de Galicia

- (108). O número máximo de liñas de comunicación requiridas é de 100 coas anteriores características.
- (109). Indícanse a continuación as características do equipo de encamiñador (router) que se instalará nas dependencias do usuario do Parlamento de Galicia, aínda que tamén necesariamente en todos os accesos actualmente en servizo o adxudicatario deberá proporcionar encamiñador con funcionalidades iguais ou superiores ás actuais:
- Configurable e xestionable remotamente polo Parlamento de Galicia, incluíndo xestión SNMP. O adxudicatario achegará as MIB dos encamiñadores para a inclusión no sistema de xestión do Parlamento de Galicia.
 - Contará cunha interface Ethernet interna ademais da conexión á liña de acceso á Internet.
 - Permitirá pasar túneles VPN ao seu través.
 - Contará con funcionalidades de devasas (*firewall*) e opcionalmente antivirus.
- (110). Requírese a dotación, instalación, configuración, posta en marcha, xestión e mantemento de todos os elementos que constitúan este servizo, garantindo a súa plena operatividade durante todo o período de vixencia desta contratación.
- (111). Os equipos instaláranse nas localizacións determinadas polo Parlamento de Galicia. A instalación comportará en todo caso a alta dunha liña de comunicacións a nome do Parlamento de Galicia, aínda que sexa en domicilios particulares.

3.1.4 SERVIZO DE MANTEMENTO

Será responsabilidade do adxudicatario o mantemento da electrónica de rede da LAN proposta polo adxudicatario como resposta ao requirimento que se describe na alínea 3.1.2.

- (112). O adxudicatario deberá tamén encargarse do mantemento do resto de equipos do servizo de datos, indicados na alínea 2.1.1.2, relacionado a seguir:
 - Sistema de multiconexión e de balanceo de carga Radware LinkProof.
 - 2 equipos Cisco PIX515E UR-BUN Packaged Smartnet
 - 2 equipos Fortigate-400A
- (113). Asemade, será tamén obxecto deste PPT o mantemento e a xestión da instalación do sistema corporativo de telefonía nas dependencias do PG, incluíndo como mínimo os seguintes elementos: centraliñas, terminais telefónicos, puntos de cableado e elementos de cableado accesorios.
- (114). A prestación do servizo de mantemento deberá comprender como mínimo o seguinte alcance:
 - Mantemento preditivo, preventivo e correctivo, para o efecto de conservar os equipos en condicións de funcionamento, de acordo coas especificacións técnicas publicadas polo fabricante.
 - Polo menos unha inspección anual co fin de garantir o perfecto funcionamento dos equipos, levando a cabo as medidas e operacións oportunas.
 - Entrega de informe despois de cada inspección, indicando o estado de todos os equipos incluídos no alcance do mantemento.
 - Considerarase incluído no servizo a man de obra, a substitución de equipos avariados e a reparación da avaría, así como a instalación e reconfiguración dos equipos avariados (incluíndo os gastos de envío dos ditos equipos).
 - Asemade deberán incluírse os gastos derivados do equipamento necesario para a detección e posta en funcionamento dos equipos.
 - Mantemento técnico legal (se procede).
 - Sistema para a xestión do soporte técnico, incluíndo como mínimo as seguintes funcións:
 - Rexistro de incidencia e/ou solicitudes de servizo.
 - Seguimento de asistencias e/ou solicitudes de servizo.
 - Acceso a partes de traballo.
 - Inventario de equipamento suxeito a contrato de servizos.
 - Xestión documental en liña: área privada onde estea actualizada a documentación derivada dos seus sistemas e infraestrutura de comunicacións incluíndo planimetría, configuracións, esquemas, topoloxía e ata fotografía de dispositivos.
 - Non se consideran incluídos no alcance desde PPT os danos materiais que puideran ser ocasionados no equipamento por motivos debidos a causas naturais, tales como raio, incendio ou inundación, así como os debidos a actos de terrorismo ou vandalismo manifesto.

- Todos os materiais que substitúan aos danados serán devoltos ao adxudicatario unha vez reparados estes últimos. Asemade, se unha vez feita a substitución os equipos avariados son susceptibles de xerar novas avarías estes quedarán en propiedade do adxudicatario.
 - Unha intervención considerarase terminada cando a avaría en cuestión sexa resolta.
- (115). O adxudicatario deberá proporcionar unha resposta ante incidencias urxentes de catro horas as vinte e catro horas do día.
- (116). A servizo de mantemento ofertado deberá dar cobertura aos seguintes puntos:
- Soporte técnico á plataforma de telefonía.
 - Mantemento da rede telefónica e xestión de rendemento.
 - Administración da central telefónica.
 - Administración da rede de voz e datos.
 - Instalación e configuración dos terminais telefónicos.
 - Mantemento e control dos equipos de fax, módems e terminais inalámbricos.
 - Configuración de clientes.
 - Resolución, atención de incidencias e peticións de usuarios.
 - Rexistro informático de incidencias e peticións.
 - Seguridade máxima no servizo, coa redución ao mínimo das paradas por avaría.
 - Alongamento da vida media dos diferentes elementos que compoñen os equipos e as instalacións.
 - Obtención do mellor rendemento funcional das instalacións.

3.2 Lote 2. Servizo corporativo de telefonía móbil do Parlamento de Galicia

Incluiranse neste lote os servizos de voz e datos en mobilidade, considerando este como unha prolongación móbil dos servizos de telefonía fixa, tanto en numeración como en funcionalidades.

3.2.1 COMUNICACIÓNS MÓBILES

- (117). Tomando como punto de partida a situación actual, o obxectivo desta sección é establecer os criterios técnicos para a prestación do servizo corporativo de telefonía móbil do PG. Preténdese manter o servizo que actualmente se está a prestar (144 teléfonos móbiles) e a súa actualización para incorporar as máximas funcionalidades técnicas posibles. Ademais requírese servizo de Internet móbil para ordenador PC, con acceso mediante terminal de módem USB. Concretamente no alcance do PPT deberase prever servizo de 1 liña de Internet móbil, indicando o prezo de forma unitaria, debendo o adxudicatario garantir este prezo no caso de que o PG decida durante o transcurso do contrato contratar máis liñas deste servizo.
- (118). Requírese, polo tanto, a dotación, instalación, configuración, posta en marcha, xestión e mantemento de todos os elementos que constitúan este servizo, garantindo

- a súa plena operatividade durante todo o período de vixencia desta contratación. A adxudicación deste lote de servizos é independente da adxudicación do resto de lotes de servizos avanzados de comunicacións do PG.
- (119). O servizo de telefonía móbil no PG estará soportado por tecnoloxías de última xeración que satisfagan as recomendacións e normativas internacionais. Asemade, a rede deberá ser actualizada de xeito continuo por parte do provedor, adaptando o servizo ás tecnoloxías vixentes e mantendo as funcionalidades máis avanzadas no servizo prestado.
- (120). O servizo de telefonía móbil deberá proporcionar conexión entre todos os usuarios do PG, así como proporcionar os recursos necesarios para canalizar o tráfico de voz cara a redes externas, independentemente do destino xeográfico da comunicación. O servizo de telefonía móbil ofertado deberá ter, de xeito xeral, as seguintes características:
- Ofrecer servizos finais de telefonía móbil e, adicionalmente, servizos de valor engadido
 - Prover un plan de numeración privado completo e integrado co servizo de telefonía fixa
 - Permitir a tarificación detallada por cada terminal, sendo capaz de proporcionar informes e estatísticas agregadas por criterios por definir.
- (121). O servizo de telefonía móbil estará dotado dun completo sistema de xestión. Esta plataforma deberá permitir obter toda a información necesaria para a administración das restricións, o tráfico xerado mensualmente, a posibilidade de tarificación mediante agrupacións e o monitorado do estado da rede privada dedicada ao servizo de telefonía móbil.
- (122). O adxudicatario do servizo deberá proporcionar, instalar, operar e manter todo o equipamento necesario, así como todos os elementos accesorios e obra civil requirida para a prestación do servizo aquí definido.
- (123). Para efectos de facturación, valorarase unha tarificación por consumo para voz, non considerándose desexable facturación por tarifa plana ou semellante, agás para os servizos de transmisión de datos, nos que o adxudicatario si poderá ofrecelos. Considérase desexable o establecemento dun tipo de desconto mínimo sobre as ofertas de servizos e produtos do operador vixentes en cada momento. As ofertas especificarán un custo fixo total anual, sen prexuízo da revisión de prezos á baixa en función dos prezos de mercado. Isto supón que o adxudicatario se compromete a prestar todos os servizos descritos para este lote polo dito importe, considerado como fixo e a tanto alzado para cubrir a prestación íntegra do servizo, sen prexuízo do disposto anteriormente respecto da revisión de prezos á baixa. Este orzamento detallarase en cargos a modo de tarifa concertada mensual, que será a utilizada para efectos de valoración das ofertas recibidas. Semestralmente o PG e o adxudicatario procederán a realizar unha regularización da facturación en función da diferenza entre as cotas

concertadas e o consumo real segundo as tarifas ofertadas.

- (124). No anexo II amósanse uns exemplos de perfís de saída, agrupados por tipo de tráfico, para un período de 12 meses dun ano. Para a estimación do **CUSTO MÓBIL TOTAL ANUAL** consideraranse os perfís de saída do período anual que se amosa no anexo II.

3.2.1.1 Interface co servizo corporativo de telefonía fixa

- (125). O servizo corporativo de telefonía fixa deberá estar interconectado co servizo corporativo de telefonía móbil do PG, mediante o uso de interfaces dixitais E1.
- (126). Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario do lote 1 (servizo corporativo de telefonía fixa e datos):
- Configurar o encamiñamento do tráfico na centraliña ata as redes de telefonía móbil públicas empregando os enlaces co operador adxudicatario do servizo corporativo de telefonía móbil.
 - Garantir o completo funcionamento da infraestrutura mantida ata o punto de interconexión co operador adxudicatario do servizo corporativo de telefonía móbil.
- (127). Será obxecto da responsabilidade do adxudicatario deste lote 2 (servizo corporativo de telefonía móbil):
- Prover polo menos un enlace dixital E1 que se conectarán á centraliña para a interconexión dos servizos de telefonía fixa e móbil. En función dos datos achegados polo PG, o adxudicatario deberá especificar na oferta presentada o tipo de enlaces que considere máis adecuados co obxecto de optimizar a utilización das liñas, minimizar os custos e garantir o servizo.
- (128). O tráfico de fixo a móbil poderá entrar na contratación deste lote 1 (telefonía fixa) ou na do lote 2 (telefonía móbil), por decisión do PG segundo as ofertas presentadas.

3.2.1.2 Servizos de voz

3.2.1.2.1 Servizos de rede privada virtual

- (129). A solución basearase no concepto de *rede privada virtual (RPV)*, tanto a nivel de funcionalidade (marcación abreviada) como de facturación.
- (130). Os licitadores preverán a implantación dunha RPV que integre os dispositivos móbiles coa infraestrutura de telefonía fixa (incluída no lote 1 deste contrato) mediante os enlaces necesarios.

3.2.1.2.1.1 TIPOS DE CHAMADAS INTERNAS

- (131). O tráfico de voz xerado entre as liñas da rede corporativa será tarificado como corporativo, é dicir, terá un custo diferenciado e inferior ao tráfico con destino externo á rede do PG. Consideraranse dentro desta clasificación os seguintes tráficos:
- Comunicacións entre móbiles do PG

- Comunicacións entre extensións fixas e usuarios móbiles do PG
 - As chamadas entre móbiles internos ou entre fixos e móbiles ou móbiles e fixos facturaránse como internas independentemente do uso da numeración abreviada ou pública
- (132). Terase en conta que segundo o indicado na alínea 3.2.1.1 o tráfico de fixo a móbil poderá non entrar na contratación deste lote.

3.2.1.3 Servizos adicionais

- (133). Os servizos adicionais mínimos que os licitadores deberán achegar neste lote serán os seguintes:
- Información visual sobre chamadas
 - Multiconferencia directa, sen necesidade de operadora
 - Axenda electrónica
 - Caixas de voz
 - Servizo de chamadas perdidas
 - Marcación abreviada
 - Ocultación de identidade
 - Mensaxaría SMS / MMS ou similar
 - Facilidades xerais de tratamento de chamadas: identificación de chamada entrante, ocultación de identidade, chamada en espera, desvíos de chamadas...
 - Control de consumo por extensión e facturación detallada
 - Definición de límites de consumo
 - Definición de grupos de usuarios. Poderán definirse agrupacións de usuarios cunhas determinadas configuracións de servizo
 - Establecemento de restricións tendentes a:
 - i. Chamadas ao exterior (nacionais, internacionais, servizos de tarificación adicional...)
 - ii. Itinerancia
 - iii. Restricións a números definidos
 - iv. Restricións segundo horario
- (134). Valoraranse os seguintes servizos adicionais:
- Integración de dúas liñas diferentes, con numeración diferenciada, nunha mesma tarxeta SIM, posibilitando a obtención da facturación separada de ambas
 - Provisión dunha segunda tarxeta SIM coa mesma numeración ca a da liña principal co obxecto de poder realizar e recibir chamadas nun segundo terminal
 - Agregación dun segundo teléfono fixo ou móbil, pertencente ao PG, á liña de telefonía móbil, de xeito que as chamadas poidan ser recibidas en ambos destinos

3.2.1.4 Outros servizos

3.2.1.4.1 Transmisión de datos

- (135). Os servizos de transmisión de datos ofertados para as liñas dos terminais telefónicos deberán permitir a transmisión e

recepción de datos en modalidade GSM ou GPRS a unha velocidade mínima de 9600 bps. Requírese:

- Envío e recepción de arquivos informáticos
- Envío e recepción de faxes
- Conectividade aos sistemas de información do PG (correo electrónico)
- Acceso á Internet
- Recepción de correos desde o servidor de correo corporativo do PG

(136). Ademais, para as liñas da Internet móbil indicadas na alínea 3.2.1 requírense servizos de transmisión de datos mediante tecnoloxías 3G e HSDPA, cunha velocidade mínima de descarga de 3,6 Mbps, mediante terminal de módem USB para conexión a ordenador.

3.2.1.4.2 Itinerancia

(137). Será de especial importancia a cobertura internacional ofertada e valorarase a adopción de sistemas que permitan o emprego da numeración corporativa independentemente da localización xeográfica no estranxeiro.

(138). Os licitantes proporcionaran unha listaxe completa de países e operadoras cos que teñan asinados acordos de itinerancia, así como as tarifas aplicables.

3.2.1.4.3 Correo electrónico

(139). Os licitadores achegarán unha solución de correo empresarial que poida integrarse co sistema de correo do PG (Exchange). Será de especial importancia que os teléfonos móbiles ofertados teñan capacidades de visualización de formatos de arquivos como .doc, .xls e pdf, que poderán ser achegados a correos electrónicos enviados a móbiles.

(140). A aplicación do correo nos móbiles terá capacidade de sincronización completa (agenda ,contactos, etc.) así como a seguridade necesaria.

3.2.1.5 Plans de numeración

3.2.1.5.1 Plan de numeración privado

(141). O plan de numeración da rede corporativa de voz do PG mantén extensións fixas cunha numeración a 4 díxitos tanto para as extensións fixas como as móbiles. Requírese o mantemento do plan de numeración existente. Isto implica o mantemento da numeración de todas as extensións corporativas.

3.2.1.5.2 Plan de numeración de uso público

(142). Requírese o mantemento da numeración pública usada na actualidade.

3.2.2.2 Réxime de adquisición

- (148). O adxudicatario deste servizo deberá proporcionar os terminais adecuados para a prestación de todos os servizos.
- (149). Como mínimo, o 70 % dos terminais móbiles subministrados deberán ser de gama avanzada e o número de terminais de gama básica non poderá exceder do 30 % do total deles (144). Ademais, o oferente deberá incluír 1 módem USB. O oferente deberá indicar o prezo unitario de todos estes terminais (básicos, avanzados e módems USB) para futuras ampliacións do servizo.
- (150). Establécese a necesidade dunha renovación periódica dos terminais utilizados (100 % dos terminais cada vinte e catro meses) durante o período de vixencia do concurso. Como mínimo, esta renovación debe ofrecer as mesmas características ou superiores nos novos terminais ca as ofrecidas polos que se substitúen.
- (151). En todos os casos, o adxudicatario deberá ofrecer un catálogo de terminais actualizado. Neste catálogo deberán describirse as características de cada modelo.

3.2.2.3 Stock *in situ*

- (152). Co obxecto de ofrecer unha resposta eficaz ante os posibles danos ou deterioración de terminais, considérase necesaria a existencia dun número de terminais almacenados no PG. O número de terminais almacenado permanentemente debe ser polo menos o 5 % do número total de liñas con servizo.

3.2.2.4 Servizos de asistencia técnica

- (153). O adxudicatario debe ofrecer un servizo de garantía e mantemento de terminais durante a vixencia do contrato. Este servizo debe permitir que todos os usuarios do PG contén con terminais e accesorios plenamente operativos, actualizados e capaces de soportar os servizos do adxudicatario en todo momento, prevendo todas as reparacións que sexan necesarias.
- (154). Asemade o adxudicatario deberá garantir a reposición de terminais (polo menos para unha cantidade equivalente ao 15 % do parque total de teléfonos móbiles do PG en cada un dos períodos de vinte e catro meses no que se efectuará unha renovación total dos terminais), no caso de extravío, roubo, accidente ou calquera outra continxencia que supoña a perda ou inutilización do terminal.

3.2.3 SERVIZOS ADICIONAIS

3.2.3.1 Servizos de control de gasto

- (155). Este servizo debe proporcionar o control do consumo telefónico de cada unha das liñas contratadas. Será responsabilidade do adxudicatario a subministración e o mantemento do hardware e software necesarios. Este servizo debe estar integrado co de xestión de facturación. O servizo de control de gasto debe ofrecer a listaxe de

chamadas realizadas por cada liña, indicando polo menos o destino, a duración e o custo asociado. Este servizo deberá permitir o establecemento de límites nos consumos por liña e por grupo de liñas. Asemade, estará accesible a través dunha aplicación web, debendo establecer as medidas necesarias tanto para a autenticación dos usuarios como para a seguridade no acceso aos datos. Garantirase o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.2.3.2 Servizos de facturación

(156). A facturación debe presentarse de xeito resumido en formato papel, e o seu detalle en formato electrónico. O formato electrónico debe permitir o tratamento dos datos. Considérase desexable o acceso aos datos de facturación a través dunha aplicación vía web. O adxudicatario deberá establecer tanto a autenticación dos usuarios como a seguridade no acceso aos datos. O servizo de facturación debe garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.2.3.3 Mensaxes de texto SMS

(157). O operador poderá ofrecer a capacidade de envío e recepción de mensaxes de texto SMS desde as liñas contratadas, xunto á posibilidade de envío desde aplicacións accesibles desde a rede de comunicacións do PG. O adxudicatario deste servizo deberá ofrecer nesta opción os mecanismos adecuados para o envío a múltiples destinatarios. En todos os casos, o adxudicatario deberá permitir os mecanismos apropiados para que o PG estableza as políticas de control adecuadas para cada función.

3.2.3.4 Outros servizos

(158). Con independencia dos servizos mencionados con anterioridade, o adxudicatario deberá garantir o acceso a novos servizos durante o período de vixencia do contrato. Para a contratación destes servizos, realizaranse os acordos pertinentes para a súa incorporación ao catálogo de servizos ofrecidos ao PG por parte do operador adxudicatario.

(159). Considérase desexable o establecemento dun tipo de desconto mínimo sobre as ofertas de servizos e produtos do operador vixentes en cada momento.

3.2.4 DISPOÑIBILIDADE E CALIDADE DO SERVIZO

(160). O servizo corporativo de telefonía fixa deberá ofrecer de forma xeral unha alta dispoñibilidade cun servizo garantido de 24 horas ao día durante os 7 días da semana. Considérase necesario que a dispoñibilidade do servizo sexa sempre superior ao 99,99 % mensual.

(161). O operador deberá informar dos traballos realizados na súa rede e que podan afectar a calidade e dispoñibilidade do servizo ofrecido ao PG cun mínimo de 3

días de antelación. Nestes casos, o portelo de actividade para a realización dos traballos será acordado co PG durante eses 3 días previos. Considérase necesaria a inclusión dunha proposta de compromisos de calidade do servizo, utilizando as variables que se definen a seguir:

- Garantía nos prazos de instalación. Parámetros que indican o grao de cumprimento nos prazos de implantación de cada un dos servizos.
- Disponibilidade do servizo. Parámetros que indican a porcentaxe de tempo en que para un período establecido como mensual os servizos se prestan coa calidade adecuada.
- Tempo entre fallos. Parámetro que indica o tempo transcorrido entre dúas incidencias consecutivas que afectan o servizo ofrecido.
- Xestión do servizo. Parámetro que indica o tempo empregado en trámites administrativos como altas, baixas ou modificacións dos servizos asociados a unha liña.
- Xestión de incidencias. Parámetro que detalla o tempo transcorrido desde o aviso dunha incidencia no servizo ata a súa resolución completa.

4 Especificacións xerais

(162). Para todos os lotes no eido desta contratación:

4.1 Aspectos xerais

- (163). Admitiranse solucións que supoñan unha mellora da situación descrita neste PPT sempre que acaden os requirimentos de dispoñibilidade, réxime binario e calidade do servizo demandados neste PPT. Neste caso, achegaranse as pertinentes xustificacións técnicas.
- (164). Todos os equipamentos e subministracións instalados nas localizacións do PG e necesarios para a prestación dos servizos obxecto deste PPT pasarán a ser propiedade do PG á finalización do correspondente contrato.
- (165). No caso de incompatibilidade entre a infraestrutura actual do Parlamento de Galicia e a proposta polo adxudicatario, a devandita infraestrutura será cambiada e os custos correrán por conta do adxudicatario sempre que o Parlamento de Galicia, e en particular o Servizo de Tecnoloxías da Información, entenda que a funcionalidade achegada é equivalente.

4.2 Portelo único

- (166). As comunicacións de todas as incidencias cos adxudicatarios faranse a través dun único portelo accesible polo Servizo de Tecnoloxías da Información as vinte e catro horas do día os sete días da semana.
- (167). Os adxudicatarios designarán as persoas responsables dos servizos obxecto do lote correspondente.
- (168). O servizo de portelo único deberá estar dispoñible, sempre que sexa posible, en idioma galego, tanto na interface telemática como telefónica.

4.3 Incidencias

- (169). Os licitadores achegarán un plan de atención de incidencias que inclúa as actuacións de todo tipo (preventivo, correctivo ou calquera outro). Cando menos, preverán:
 - a) Mecanismos de transmisión de incidencias (independente da súa natureza) vocal e electrónica.
 - b) Período de recepción de incidencias.
 - c) Tempo de resposta da incidencia.
 - d) Sistema de información telemático que permita facer un seguimento completo en calquera momento do estado das incidencias abertas, así como do resto de incidencias ocorridas.
- (170). O rexistro de incidencias e os seus datos son confidenciais. Ningunha das partes divulgará o seu contido a terceiros sen a aprobación escrita da outra parte.

4.4 Xestión de incidencias

- (171). Será responsabilidade do adxudicatario a xestión das incidencias de todos os elementos que formen parte da infraestrutura do servizo que lles corresponda. Calquera gasto no que se incorra para a resolución das incidencias será por conta do adxudicatario.
- (172). A empresa adxudicataria contará cos recursos humanos necesarios para atender en todo momento as avarías que puidesen producirse. Para tal efecto, na oferta os licitadores detallarán os seguintes aspectos:
- a) Situación e número de centros de xestión de rede propios en Galicia.
 - b) Descrición da composición e funcións do centro de xestión de rede que vai ser o portelo único do Parlamento de Galicia.
 - c) Procedementos de detección, comunicación, tratamento e escalado de incidencias e avarías.
 - d) Características do persoal de operación e mantemento que vai resolver as incidencias, indicando a formación e situación xeográfica.
- (173). O adxudicatario dotará o Parlamento de Galicia dos medios técnicos e non técnicos necesarios para coñecer o estado da infraestrutura de rede que achegan. Asemade, contará cun sistema de información que permita a consulta das incidencias no momento de se producir.
- (174). Os licitadores achegarán un plan de formación para o persoal do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia no emprego de cantos equipos e ferramentas acheguen neste concurso.

4.5 Garantía

- (175). A garantía de todos os equipos subministrados neste PPT será de polo menos dous anos.
- (176). Se o oferente non fose unha empresa fabricante de equipos deberá achegar obrigatoriamente o compromiso do fabricante dos equipos subministrados referente ao cumprimento das garantías.

4.6 Xestión, operación e mantemento

PMAN

Persoal técnico de mantemento

- (177). O oferente contará con persoal técnico (propio ou alleo) que poida dedicarse ao mantemento dos equipos e sistemas obxecto deste contrato.

REPO

Dispoñibilidade de repostos

- (178). O oferente garantirá, baixo a súa responsabilidade, a previsión e dispoñibilidade de calquera clase de repostos necesarios para o mantemento dos equipos amparados polo contrato. Porén, se resultase imposible, difícil ou excesivamente onerosa a súa obtención, procederá á

substitución dos equipos avariados por outros de iguais ou superiores prestacións.

- (179). No caso de préstamo dun equipo substitutivo do equipo orixinal avariado, durante o período de tempo que dure a súa reparación, o adxudicatario procederá a substituír o equipo en préstamo polo orixinal, unha vez que este último sexa reparado. No caso de substitución, o novo equipo quedará en propiedade do Parlamento de Galicia, que procederá, se é o caso, a actualizar o inventario.

HORA

Horario de servizo normal

- (180). O oferente manterá un determinado horario de servizo mínimo que dependerá da natureza e localización dos equipos ou sistemas.

Horario de servizo

De 8.00 a 20.00 , de luns a venres inclusive

HORE

Horario de servizo extraordinario

- (181). O oferente manterá un determinado horario de servizo mínimo que en casos excepcionais será de:

Horario de servizo

24 horas ao día, 7 días á semana

TREP

Tempo de reparación de avaría

- (182). O tempo de reparación de avaría máximo será:

Tempo de reparación de avarías

6 horas no 90 % dos casos

- (183). Enténdese por tempo de resolución dunha avaría o período transcorrido entre o inicio da incidencia e o restablecemento do servizo por parte do adxudicatario

TRES

Tempo de resposta

- (184). O tempo de resposta máximo será:

Tempo de resposta

1 hora desde a notificación da incidencia

- (185). Enténdese por tempo de resposta o período transcorrido entre a notificación ao adxudicatario dunha incidencia desde o Parlamento de Galicia e o inicio das actuacións conducentes á resolución da incidencia polos técnicos do adxudicatario.

4.7 Plan técnico de implantación

4.7.1 PRAZO DE ENTREGA DO SERVIZO

- (186). O plan técnico de implantación deberá incluír un calendario no que se estean perfectamente definidos os fitos de cada un dos proxectos e o tempo estimado para a posta en servizo de cada un deles. No caso do lote I, o tempo máximo para a posta en servizo é de 90 días a partir da resolución deste concurso, e no caso do lote II, o tempo máximo para a posta en servizo é de 30 días a partir da resolución deste concurso. Valorarase positivamente a redución deste prazo máximo nos diferentes proxectos.

4.7.2 EQUIPO DE COORDINACIÓN

- (187). O PG designará un grupo de persoas que se constituirá en equipo de coordinación do proxecto. Este equipo de traballo detallará as necesidades concretas dos servizos. No caso de xurdiren necesidades non previstas na oferta do adxudicatario, este terá un prazo de 15 días naturais para elaborar unha memoria de actualización.

4.7.3 PLAN DE IMPLANTACIÓN

- (188). A fase de implantación comprende todas as tarefas necesarias para a posta en funcionamento dos servizos de comunicacións adxudicados.
- (189). Para a descrición desta fase o adxudicatario deberá incluír na súa oferta un plan de implantación. Este plan deberá detallar as tarefas que se consideren necesarias xunto a un calendario de realización delas.
- (190). O adxudicatario deberá designar un responsable do plan, que será o interlocutor do equipo de coordinación designado polo PG. O adxudicatario poñerá á disposición do PG un informe quincenal de seguimento do plan de implantación orixinal.
- (191). A fase de implantación é un período amplo no que se inclúen as fases de migración e probas. Dada a importancia destas fases, o plan de implantación debe incluír un plan de migración e un plan de probas.

4.7.3.1 Plan de migración

- (192). Este plan será elaborado co obxectivo fundamental de que o impacto para os usuarios do PG sexa mínimo.
- (193). O adxudicatario incluír un calendario de actividades indicando os prazos estimados e os medios técnicos e humanos que se requirirán tanto por parte do PG como do operador actual que proporciona ao PG os servizos, en caso de cambio. Será responsabilidade do novo

adxudicatario que o servizo actual no se vexa afectado durante este período.

4.7.3.2 Plan de probas

- (194). O adxudicatario deberá incluír na súa oferta un plan de probas co obxecto de validar o funcionamento dos servizos antes da súa posta en explotación. Este plan deberá permitir ao equipo de coordinación do PG revisar e garantir que os servizos teñen a calidade estipulada e que as súas funcionalidades se axustan ao esixido neste PPT e descrito na oferta do adxudicatario.
- (195). O plan de probas será revisado polo equipo de coordinación durante a fase de implantación, podendo este esixir a súa actualización co obxecto de adecualo ás necesidades vixentes nesa fase.
- (196). Se nalgún caso fose necesaria a desconexión dos servizos ou sistemas actuais, isto non se levará a cabo ata que o equipo de coordinación do PG valide os resultados do plan de probas.

4.7.4 PLAN DE OPERACIÓN

- (197). A fase de operación comeza unha vez rematada a fase de implantación, momento no que os servizos implantados superaran as probas definidas e se atopen en explotación. Esta fase inclúe as seguintes tarefas:
 - Explotación dos servizos
 - Mantemento da infraestrutura
 - Xestión de incidencias
 - Actualizacións do equipamento
- (198). Co obxecto de establecer o funcionamento e as responsabilidades en cada unha destas tarefas, o adxudicatario incluír na súa oferta un plan de operación. Este plan deberá ser validado antes de rematar a fase de implantación por parte do equipo de coordinación do PG.
- (199). O plan de operación deberá prever, polo menos, os seguintes procedementos:
 - Procedemento de xestión administrativa nos servizos. Para cada servizo ofertado debe indicarse claramente o procedemento que se seguirá no caso de xestións administrativas sobre el.
 - Procedemento de xestión de incidencias nos servizos. Procedementos de mantemento predictivo sobre os servizos. Tarefas de actualización de equipamento e a xeración dun informe periódico do estado da infraestrutura soporte dos servizos.
 - Procedemento de mantemento adaptativo sobre os servizos. Tarefas encamiñadas á optimización dos servizos ofertados.
 - Procedemento de mantemento correctivo sobre os servizos. Procedementos de xestión de incidencias nos seus diferentes niveis. Asemade detallará as tarefas que se realizarán cando sexa necesaria a intervención doutro operador que lle estea prestando servizos ao PG.

- Tarefas de actualización de equipamento e a xeración dun informe periódico do estado da infraestrutura soporte dos servizos.
